



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a. Carmen
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membiola Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Vázquez Otero, María Elsa

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luis
González Piñeiro, Luis
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Suárez Pazos, Mercedes
Vidal Vázquez, Ricardo
Vivas Martínez, Carlos

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
González Vázquez, Encarnación
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel

ESTUDANTES

Fariñas Valiña, Iago
Puga Alonso, Javier
Riobó Fernández, Aída
Varela Martínez, Iago

PAS

Bernal Gómez, Rosa
Cebro Rodríguez, Anxo M.
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Pérez Mato, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

López Díaz, María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 29 de outubro de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O xoves, día 29 de outubro de 2009, ás 10:01 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
4. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Eloy García López contra o acordo do Consello de Departamento de Dereito Público de 14 de maio de 2009 de aprobación de saída a concurso dunha praza de profesor contratado doutor na área 135 e maila respectiva comisión específica de área.
5. Aprobación, se procede, dos planos de estudo de grao: Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Forestal e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación.
6. Aprobación, se procede, de transferencia de crédito entre programas de gasto.
7. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
8. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do Persoal Funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo para o ano 2009.
9. Comparecencia da Xerencia para a análise e debate da política xerencial relativa aos cumprimentos dos acordos asinados coa Xunta de Persoal, a oferta de emprego público, a RPT de biblioteca e Campus, carreira administrativa, produtividade variable, política de emprego, formación.
10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a preparación das propostas de novos plans de estudos no

marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais – Convenio entre a Universidade de Vigo e a Fundación UVIGO para a xestión do Centro de Linguas da Universidade de Vigo – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas de Xestión Universitaria de Galicia (CIXUG) – Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e AUTOMATISMOS TEINCO S.L.

11. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

12. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2009.

Tense presentado unha petición de rectificación de acta por parte do Sr. Fariñas que se ten presentado a todos os membros do Consello de Goberno no inicio desta sesión. A petición refírese a súa intervención no punto de rogos e preguntas. A proposta que se fai é a inclusión do texto na acta.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Informa o reitor aos membros do Consello de Goberno do contido principal das convocatorias do Consello Galego de Universidades e do Consejo de Universidades celebrados nas últimas semanas:

1. En primeiro lugar, o pasado 2 de outubro foron convocados a Comisión de Titulacións e Centros do Consello Galego de Universidades e o Pleno deste mesmo órgano. Os principais asuntos tratados foron os seguintes:

a). O conselleiro de Educación informou da situación actual do Máster de Profesorado en Secundaria. Polo que respecta aos compromisos que corresponden á Xunta de Galicia, a Consellería está a traballar na selección dos centros de secundaria para a realización preceptiva das prácticas previstas no mestrado. En canto teña resolto este asunto, convocará ás universidades para a sinatura dos necesarios convenios de colaboración que permitirán o inicio normalizado desta oferta de mestrado.

b). Comisión e Pleno acordaron a autorización preceptiva para todas as propostas de máster e doutoramento presentadas polas universidades galegas, condicionadas nalgún caso á presentación dalgunha documentación adicional xa solicitada. Así mesmo, deuse o visto bo a un texto de instrucións sobre o procedemento a seguir para a autorización de títulos oficiais que pretendan implantarse no curso 2010-2011, incluíndo un calendario de tramitación que, en realidade, supón sancionar o calendario co que xa estamos a traballar as tres universidades do sistema tanto para novos graos, como para mestrado.

c). Na orde do día da Comisión e do Pleno non se incorporou ningún punto referido á discusión e aprobación das propostas de novos títulos de Grao realizadas polas

universidades galegas para completar a segunda fase de transformación da súa oferta de títulos vellos. O secretario xeral da Consellería propuxo abrir un primeiro debate ao respecto na quenda de rogos e preguntas. Esta suxestión non pareceu procedente a varios membros da Comisión e do Pleno, que instaron ao conselleiro de Educación a facer o necesario para resolver formalmente e coa máxima celeridade este asunto. As universidades, as Vicerreitorías de Titulacións e os Centros necesitan saber canto antes a que aterse, qué plan de estudos elaborar, qué memoria preparar, e todo elo require uns prazos que comezan a esgotarse. O conselleiro de Educación comprometeuse a promover novas convocatorias dos órganos implicados coa celeridade demandada e a resolver canto antes este importantísimo asunto.

2. Pola súa banda, o Consejo de Universidades celebrou pleno o pasado 5 de outubro. Xunto a informacións referidas a diversos asuntos (calendario previsto para as últimas probas de habilitación 2-6-2010; situación global do procedemento de verificación de títulos universitarios oficiais; resultados globais das Comisións de Acreditación do Profesorado Universitario), deuse noticia de diversas iniciativas de reforma lexislativa que deben ser de dominio público :

a). En primeiro lugar, a reforma do Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, sobre ordenación de ensinanzas universitarias oficiais. A reforma deste RD intentaría resolver diversas ineficiencias detectadas, incorporando de paso unha nova regulación do doutoramento. A Dirección Xeral de Política Universitaria pediu neste sentido a colaboración das universidades para facer propostas de cambio que poidan ser estudadas e, no seu caso, incorporadas ao novo texto.

b). En segundo lugar, informouse da publicación inminente dunha Orde ministerial para modificar a Orde ECI 3858/2007, en relación a dous asuntos:

- O momento de esixencia da acreditación do dominio dunha lingua estranxeira no Mestrado en Secundaria: con carácter transitorio para o curso académico 2009-2010, terá como data límite a de finalización dos citados estudos oficiais.

- Os Créditos Presenciais: con carácter transitorio para o curso académico 2009-2010, a porcentaxe de créditos presenciais establécese nun 65%.

c). Así mesmo, informouse da tramitación inminente dun RD para que os alumnos matriculados no Máster en Secundaria neste curso 2009-2010 poidan participar nas vindeiras oposicións de ensinanza secundaria, coa condición de ter o título antes da resolución final das correspondentes probas.

d). O Consejo debateu tamén sobre as iniciativas e dificultades asociadas ao acceso a títulos oficiais de grao dos Diplomados, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros Técnicos. O que se demostrou no debate é que existe un risco real de multiplicar iniciativas de toda índole e rigor para acadar a nova titulación de grao, e que esta situación pode xerar unha presión insoportable sobre as universidades, sobre todo as públicas, e sobre o sistema no seu conxunto. Por estes motivos, a Dirección Xeral comprometeuse a elaborar unha resolución aclaratoria que unifique criterios para todo o sistema e impida as iniciativas individuais coñecidas ata agora.

3. Resolución da primeira convocatoria do Programa “Campus de Excelencia Internacional”. Nesta primeira convocatoria de mellora e promoción do sistema universitario español resultaron seleccionados os proxectos presentados polas universidades Autónoma de Barcelona, Politécnica de Madrid, Carlos III, Complutense, Córdoba, Granada, Sevilla, Cantabria, Central de Barcelona, Valencia, Rovira i Virgil, Santiago de Compostela, Pompeu Fabra, Autónoma de Madrid e Oviedo. A Universidade de Vigo está na actualidade a preparar unha proposta de Campus Mariño de Excelencia Internacional, en parcería co CSIC e o Instituto Oceanográfico, que pretende retomar a idea da non nata “Cidade do Mar”, adaptada aos plans e aos recursos dos novos parceiros. Con esta proposta, a Universidade de Vigo presentarase á segunda convocatoria deste programa do Ministerio de Educación, anunciada para o vindeiro mes de marzo.

4. Da conta dos seguintes nomeamentos e designacións:

a). Da profesora Edita de Lorenzo, Directora da Escola de Telecomunicación da Universidade de Vigo, como novo membro deste Consello de Goberno por designación do Reitor.

b). Da profesora África González como Directora do Centro de Investigación Biomédica – CIMBIO, da Universidade de Vigo.

Punto 3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que por parte da COAP, reunida o pasado 21 de outubro dáse informe favorable a tres prazas de Catedrático de Universidade de acordo co apartado B dos criterios de promoción, por ter candidatos acreditados e con tres sexenios de investigación nas áreas que se indican. As prazas son:

Dúas prazas na área de Zooloxía. As profesoras titulares de universidade Dna. Elsa Vázquez Otero e Dna. M^a Jesús Iglesias Briones teñen acreditación e tres sexenios.

Unha praza na área de Nutrición e Bromatoloxía. O profesor titular de universidade don Lorenzo Pastrana Castro acadou tamén acreditación e ten tres sexenios.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Eloy García López contra o acordo do Consello de Departamento de Dereito Público de 14 de maio de 2009 de aprobación de saída a concurso dunha praza de profesor contratado doutor na área 135 e maila respectiva comisión específica de área.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que por parte do recorrente o Prof. Eloy García se ten presentado un escrito, que se ten entregado a todos os membros de Consello de Goberno ao inicio desta sesión, no que desiste da súa pretensión por entendela satisfeita de maneira extraprosal. Deste xeito este punto da orde do día decae en canto carece de interese.

Punto 5. Aprobación, se procede, dos planos de estudo de grao: Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Forestal e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación.

Ten sido invitado como interesado o Decano de Ciencias de Ourense.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que se traen tres propostas de títulos de grao e expón que xa no momento en que se aprobou o encargo de elaboración das propostas de títulos de grao se sinalou que podería haber algún tipo de cambio na denominación, como se recolle no **anexo I**.

Todos eles teñen informe favorable do Consello Social reunido onte, día 28 de outubro.

Todos estes títulos de grao teñen informe favorable da COAP e, no caso de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación con dúas cautelas: unha delas relativa ao número de prazas ofertadas que debería ser elevado a 180 e a necesidade de evitar posibles desequilibrios entre os catro módulos de tecnoloxías específicas para non por en risco a viabilidade futura. A este respecto a Vicerreitora sinala que a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Telecomunicación, reunida en sesión extraordinaria o 27 de outubro, acordou, para dar cumprimento ás observacións da COAP: primeiro, aumentar na memoria de grao o número de prazas de entrada a 180, pero solicitar que durante o período transitorio de paso do título actual ata o novo grao (tres anos) se permita fixar a entrada en 150 alumnos; segundo, en relación á previsión relativa á opción do alumnado de cursar algún dos catro módulos de tecnoloxías quere cursar, engadir a referencia requirida pola COAP “a universidade poderá, de ser necesario e en función dos seus recursos, establecer mecanismos ou criterios de acceso a cada módulo de tecnoloxías específicas”. Feitos estes cambios, a vicerreitora propón aos membros de Consello de Goberno a aprobación deste punto.

Solicita tamén a delegación expresa para a revisión de todas as memorias e a emenda dos defectos de índole técnica que se atopen en colaboración cos centros, do mesmo xeito que xa se fixo coas restantes memorias de grao.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén a Directora da ETS de Enxeñaría de Telecomunicación , a Prof. De Lorenzo quen dá conta aos membros de Consello de Goberno do proceso seguido para a aprobación da memoria por parte de todo o centro. Indica que o traballo foi moito por parte de todo o profesorado. Agradece o apoio técnico dende a Vicerreitoría. Fai constar o malestar do centro polo exceso de celo da COAP, sobre todo nas cautelas relativas ao eventual desequilibrio entre os módulos tecnolóxicos da titulación e o tema dos espazos. Indica que se reuniu a Xunta de Centro e acordou o referido pola vicerreitora de Titulacións e así dar cumprimento aos requirimentos da COAP.

O reitor considera que non é ningún inconveniente establecer ese período de transición.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, de transferencia de crédito entre programas de gasto.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía que explica as transferencias de créditos que se relacionan seguidamente:

Da aplicación 0022 311V 623 “Maquinaria e equipamento” do programa para a dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento de investigación á aplicación CAT1 122F 625 “Mobiliario e equipamento” do programa para fomento de proxectos de investigación.

Esta transferencia de crédito foi informada favorablemente pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos do día 27 de outubro.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía quen explica as aplicacións para incorporación de remanente que se expoñen seguidamente:

00LI 421S 228.02.....	4.200,00
0022 122I 230.02.....	50.000,00
TOTAL REMANENTES.....	54.200,00

Estas aplicacións para incorporacións de remanentes de libre disposición foron informadas favorablemente pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos do día 27 de outubro.

Apróbanse por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do Persoal Funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo para o ano 2009.

Teñen pedido intervención neste punto as Sras. Conde Casas e Comesaña Álvarez, a vicexerente de Persoal e o Sr. Estévez Orge.

Cédese a palabra á Xerente da Universidade quen expón que as prazas que se ofertan a emprego público son unha de letrado, que resultou vacante trala convocatoria feita en 2004; 40 de auxiliares administrativos que son as vacantes xeradas dende a execución da convocatoria de 2001 e ata o último concurso de traslados. As prazas de axudante de arquivos, bibliotecas e museos, resultan tamén vacantes dende a última convocatoria de 1999. Destas últimas se ofertan 4 a acceso libre e 3 a promoción interna.

Unha vez aprobada a RPT en 2008, fíxose unha convocatoria de concurso de traslados. Rematada a execución da mesma antes do verán de 2009, a oferta de emprego resulta obrigada. Hai que ter en conta ademais que se formalizou un concurso de traslados en 2003

e que a última oferta é de 2001. Houbo dous concursos de traslados e ningunha oferta de emprego.

A presente oferta trae causa tamén da necesidade de dotar de estabilidade aos cadros de persoal. Deben proverse as prazas vacantes na RPT dende hai 8 anos, cos sistemas e procedementos previstos nas Lei, e cos criterios recollidos nos Estatutos desta Universidade. Os sistemas de acceso elixidos se establecen e contan con ese apoio normativo. Así, por razóns de seguridade xurídica e por equidade no tratamento con outras prazas de funcionarios temos a obriga de promover a promoción interna de alomenos 3 das 7 prazas ofertadas de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. As prazas de axudantes non poden ser excluídas da promoción interna cando esa é a regra xeral para a cobertura de prazas de funcionarios do mesmo grupo de clasificación.

Cumprimos así o compromiso de promoción profesional prevista nos Estatutos desta Universidade. Non facelo así nesta categoría levaría a unha clara inseguridade derivada do trato claramente discriminatorio co colectivo afectado e contrario as actuacións previas desta administración.

Unha vez executados dous concursos de traslados, un en 2003 e outro en 2009, resulta imprescindible facer unha oferta de emprego neste ano. Deben , normalizarse os sistemas de provisión de postos, resulta necesario estabilizar os cadros de persoal para prestar os servizos axeitados. O persoal en interinidade dende hai anos, debe ter a posibilidade de obter a praza a través dos procesos de selección que se formalicen tras esta oferta.

Consideramos nosa obriga impulsar a estabilidade no emprego, queremos cumprir os nosos compromisos, e promover a normalización das convocatorias de provisión de prazas a través do concurso de méritos seguido da oferta de emprego, debemos dar a posibilidade de promoción as persoas que veñen ocupando as prazas dende hai anos, e que agora se ofertan para cobertura por promoción interna, razóns que nos levan a presentar esta oferta de emprego ao consello de goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén primeiro a Sra. Conde Casas e procede á lectura do texto que consta como **anexo II**.

Intervén o Sr. Estévez Orge, como delegado sindical de CCOO, que procede á lectura do texto que consta como **anexo III**.

A Sr. Comesaña explica aos membros de Consello de Goberno que pola súa parte se fixo o imposible para poder acadar un acordo. Tivo unha primeira reunión o 1 de xullo, unha segunda o 11 de xullo que na que se levantou da mesa a CIG, e intentou unha terceira o 24 de xullo e unha carta o 25 de setembro, na que se negaron a asinar. Entende que debe haber convocatoria de OPE en canto que levan 8 anos sen ter oferta. En relación ao temario presentado, tratouse de ter en conta a situación de longo tempo de interinidade para elaborar os temas e incorporar coñecementos da administración universitaria e da universidade de Vigo. Sinala que a oferta de emprego é un número de prazas, e faltan por negociar os baremos, que son o mais importante, que o EBEP posibilita a excepcionalidade da situación

por ser prazas anteriores a 2005, o que da lugar a ampla capacidade para favorecer a consolidación do persoal. Manifesta que os temarios se presentaron dúas veces, unha en xuño e outra en setembro e non se recibiu ningunha alegación por parte da CIG, funcionarios.

Ábrese unha quenda entre os membros de Consello de Goberno.

O Sr. Cebro sinala que á xente do Comité de Empresa se lle convocou en xuño de 2008 en cambio á Xunta de Persoal, foi en xuño de 2009 e ademais sen documentación. Fai referencia á acta aprobada na que indica que a vixerente de Persoal se comprometía a aportar documentación. Incide en aspectos relativos á cuestións concretas da negociación coa Xunta de Persoal.

Seguidamente, procede á lectura dun escrito que se incorpora á acta como **anexo IV**.

O Sr. Mollinedo solicita un recesso porque a diferenza entre as partes é pequena e parece máis un problema de forma e non de fondo. Sería a primeira vez que se para un tema como este e se provoca un conflito laboral.

A Profª. Blanco como membro de Consello de Goberno manifesta que destes últimos anos non parece entender que sempre o PAS, sen reprochar nada, teñen que chegar aquí porque no se negociou antes. Entende que non poden facer responsable ao Consello de Goberno. Hai mesas de negociacións e o equipo xerencial está no seu dereito de sacar unha oferta e non se pode paralizar por un grupo sindical.

A xerente sinala que o que se trae aquí son as prazas vacantes que se identificaron unha por unha en xullo coa Xunta de Persoal. A diferenza que se suscita coa negociación cos laborais, non existe, así, dende o punto de vista de xerencia, non ha distincións, porque se foi seguindo o mesmo proceso. Incluso se intentou sacar unha oferta única, o que supuxo espera para determinados colectivos. O que se trae é a oferta de emprego das prazas vacantes, os procesos de negociación seguintes están abertos e se farán as convocatorias con todos os requisitos. Se pretende paralizar a xestión co método de bloqueo con todas as cuestións e coa proposta de negociación global, produtividade, carreira.... As imposicións que se manifestan nos escritos da Xunta de Persoal son un todo. Non se pode paralizar á Administración. Todos os temas traídos a este Consello de Goberno foron con acordo. A vontade da Xerencia é total pero se require vontade pola outra parte. Trátase das prazas vacantes, o demais está en proceso de negociación. Por parte da Xerencia nunca se negou a ter una reunión e sentarse a falar e a negociar. Non se entende por que iso foi posible ata un momento e despois non. Entende que a oferta cumpre estritamente toda a normativa vixente. Manifesta a súa vontade de continuar co proceso para facilitar que todas as persoas que queren acceder a un posto na universidade o fagan nas mellores condicións. E facilitar o acceso sobre todo aos que xa traballan na Universidade. Por iso entende que o traballo ten que continuar.

O Sr. Cebro entende que se está escenificando o que está pasando: o persoal implicado solicita a retirada do punto, a Xunta de Persoal tamén e que se chegará a un acordo antes do próximo Consello de Goberno. A oferta que se trae foi rexeitada pola Xunta de persoal. Reitera que o temario non é axeitado para as prazas de que se trata. Reitera que non se quere negociar pola Xerencia e que irán aos tribunais debido ao incumprimento das normas sobre a materia. Pide a retirada do punto na orde do día e negociar.

A Sra. Comesaña, vicexerente de Persoal sinala que se teñen argumentos xurídicos suficientes para defender a legalidade da oferta de emprego e que a promoción interna está mais que salvaguardada. Sinala que non se pode estar traballando con ameazas reiteradas de que se vai recorrer. En materia de convocatorias se negociará todo o posible.

A Sra. Conde sinala que efectivamente o Consello de Goberno non é unha mesa de negociación e se se está aquí é para pedir precisamente que se retire de aquí para levar ás mesas e negociar. Se a vontade é negociar, pregunta porqué está aquí este punto da orde do día. Pide que se negocie unha oferta pública, transparente e xusta.

O Sr. Vidal manifesta que non é experto na materia pero en relación ao temario parece que non está ben elaborado. Entende que podería procederse a un aprazamento deste punto un mes como se fixo en relación ao recurso do departamento de Dereito Público no Consello anterior.

O reitor recorda algunhas cousas, en canto se trata dun asunto importante para a Universidade de Vigo, que en oito anos non se aprobou salvo en relación ao persoal laboral o mes de xullo. Ademais é un compromiso electoral. Entende que o que non se debe cuestionar é a vontade da xerente para sacar isto adiante, porque ademais ten un mandato inequívoco. O Presidente da Xunta de Persoal entende que as negociacións coa Xerencia foron decepcionantes, pero o propio Presidente da Xunta de Persoal pediu unha negociación global sobre produtividade, descentralización... todo ou nada. É unha estratexia negociadora, legal pero arriscada.

O reitor procede á lectura dun comunicado das seccións sindicais de CCOO e UGT feito público a través de Comunidade:

A Xunta de PAS Funcionario non é capaz de presentarlle ós compañeiros un acordo sobre a Oferta de Emprego do PAS Funcionario que remate dunha vez por todas coa incertidume, que ten en vilo a mais de 100 compañeiros, que reduce a temporalidade e que acaba con anos sen unha proposta seria de emprego da nosa R.P.T.

A C.I.G. Funcionarios, non quere chegar a un acordo sobre a Oferta de emprego, xa que están centrados en intereses diferentes e intentan por tódolos medios acadar outros obxectivos.

Non dubidan en xogar cos contratados, xa que á CIG Funcionario lle parece que a O.P.E. é un instrumento de especial transcendencia para esta Xerencia e asinar un acordo supón, segundo eles, unha imposibilidade de acadar outros temas importantes pendentes de negociar.

Esta é segundo os representantes de CC.OO. e U.G.T. a cronoloxía dos feitos:

1º. 1 de xullo primeira xuntanza; quedouse en aprobar a OPE xa que estabamos de acordo no número de prazas a convocar: 40 de Auxiliares Administrativos; 7 de Axudantes de bibliotecas e 1 da Escala de Letrados.

No que respecta a outros apartados da convocatoria: temarios; probas; puntuación, etc., seguimos avanzando neles e quedamos emprazados para unha segunda reunión (10 de xullo).

2º. O día da reunión convocouse a Xunta de Persoal, previa á que íamos ter con Xerencia para tratar a OPE, na cal decidiuse fixar xa o número de prazas que serían aprobadas na próxima reunión do Consello de Goberno do día 28 de xullo. Pódese confirmar esta información vendo a acta desta reunión do pasado 24.

Tamén aprobamos os seguintes termos da Convocatoria:

- *Prazas de Axudantes de Bibliotecas sairán a acceso libre.*
- *Acordouse a valoración da fase de concurso e da oposición así como a valoración das diferentes probas que a compoñen; proposta, por certo da C.I.G. que se impuxo á proposta conxunta de CC.OO. e U.G.T.*
- *Decidiuse deixar á decisión do Tribunal o tipo de corte para a primeira proba.*

A xuntanza posterior coa Xerencia, que tería que ser un mero trámite para asinar o acordado sobre a OPE, transfórmase, por culpa dos representantes da C.I.G. nun cambalache inimaxinable e absurdo que remata co abandono da mesa por parte de ditos membros.

3. A Xerencia intenta un último achegamento das posturas e convoca unha xuntanza para o 24 de xullo non celebrada dado que a maioría dos membros da Xunta de OPAS non estaban.

4. Por último, a Xerencia convócanos para o 25 de setembro, e trala reunión da Xunta de Persoal do día 24, decidese por maioría da CIG, na Xunta de Persoal, que a negociación sobre a OPE hai que tratala nun bloque de negociación que abrangue tamén os termos pendentes de negociación. CC.OO e UGT posicionáronse en contra de tal pretensión votando en contra do mesmo e indica que a súa postura sobre a OPE é de que saia canto antes.

Por tanto os Delegados das Seccións Sindicais de CC.OO e U.G.T. do PAS Funcionario non se presentarán á asemblea convocada para hoxe, xa que nos parece unha falta de respecto aos compañeiros afectados a forma e o xeito de seren tratados por parte da C.I.G., pois non se está actuando de boa fe con eles, esiximos que se respecten os acordos da Xunta de persoal para poder rematar con esta situación delicada para moitos e comezamos a negociar outros temas pendentes que temos enriba da mesa.

Continúa sinalando o reitor que o que se trae aquí é unha oferta de emprego con 49 prazas ¿pódese dicir que a Xerencia non ten vontade negociadora?. Se o problema fora so o temario, non habería dificultade para resolvelo. Cada un ten que asumir o seus erros. A CIG funcionarios levou unha estratexia equivocada. Cada un debe reflexionar do que fai e das decisións que toma. A OPE de PAS funcionario debe saír, concorde o non coa estratexia dun sindicato. ¿Hai algún problema para aprobar isto e seguir negociando os temas que preocupan: temario, baremo...? Non hai inconveniente para que se siga negociando pero que saia a OPE xa e que se negocie cos documentos adxuntos. Reitera que a OPE debe saír.

O Sr. Cebro entende que se ten insultado a todos os funcionarios porque ten en conta un escrito da web de dous sindicatos en lugar de ter en conta o que di a Xunta de Persoal. Reitera novamente os motivos da ilegalidade da OPE. Sinala que a OPE prexudica ao persoal de biblioteca (promoción interna: 25 % salvo acordo das partes).

O Sr. Vidal sinala que é obvio que a negociación está enquistada pero cree que debería pensar máis no asunto e nunha estratexia mais axeitada, e non dividir en dúas partes posto que se nun mes non se chega a acordo coa Xunta de Persoal, se traería ao Consello de Goberno.

O reitor reitera que o Consello de Goberno debe aprobala xa e que queda pendente de resolver o tema dos temarios. Isto da seguridade absoluta a todos. Isto ten que ver cunha historia: os presentes deben ter claro que houbo un choque de estratexias negociadoras e debe saírse de aquí. É un momento para a reflexión. Isto facilita e asegura que todas as preocupacións teñan unha contestación sensata nunha mesa. E estaremos todos aquí dentro dun mes.

A Sra Conde sinala que o compromiso debe ser a negociación dun temario, bases da convocatoria, etc. e que non entre na mesma negociación ningún outro tema que poida causar distorsión algunha.

A Sra. Martínez sinala que se hoxe se aproba a OPE non poden seguir negociando porque se trata dunha proposta que os tres sindicatos rexeitaron e iso no é posible porque había un acordo antes. Entende que iso é imposible.

O Sr. Vidal reitera a súa proposta de retrasar un mes toda a decisión e no caso de que non haxa acordo as partes quedan desautorizadas en non poden esixir que se lles apoiem.

Procédese á votación:

Proposta nº 1 (a realizada polo Prof. Vidal): retraso sobre a decisión da aprobación da OPE ata o próximo Consello de Goberno.

Proposta nº 2 (realizada polo reitor): aprobación da OPE e que se abra negociación exclusiva sobre o temario, probas e baremo para traer ao Consello de Goberno en novembro.

Votos a favor da proposta nº 1: 9

Votos a favor da proposta nº 2: 14

Abstencións: 6

Apróbase por maioría a oferta de emprego público do persoal funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo para o ano 2009 e a convocatoria inmediata da Xunta de Persoal para a negociación do temario, probas e baremo, que terá que ser presentado no Consello de Goberno do mes de novembro.

O Presidente da Xunta de Persoal solicita que conste en acta que van presentar recurso Contencioso-Administrativo contra a OPE.

Punto 9. Comparecencia da Xerencia para a análise e debate da política xerencial relativa aos cumprimentos dos acordos asinados coa Xunta de Persoal, a oferta de emprego público, a RPT de biblioteca e Campus, carreira administrativa, produtividade variable, política de emprego, formación.

Trátase dun punto solicitado polos Srs. Cebro Rodríguez, Mollinedo Lois, Puga Alonso, Sra. Bernal Gómez e o Prof. Ramos Cabrer.

Teñen solicitado intervención neste punto: os Sr. Pajares Domínguez, Expósito González, Gándara Pérez, Martínez Piñeiro, Macías Camba, Romo Pérez, Basalo Domínguez e Comesaña Álvarez, vicexerente de Persoal.

O reitor cede a palabra ás persoas que teñen solicitado o punto para que procedan á explicación das razóns do mesmo.

O sr. Cebro solicita o cese inmediato do equipo xerencial porque a xestión desta xerencia e seis vicexerencias é incapaz de xestionar a universidade de Vigo. A xestión de alumnado é mala, a implantación da nova aplicación informática é un desastre; a xestión de persoal é caótica, na xestión económica hai contradición por todas partes entre os vicexerentes e os vicerreitores; en investigación non hai negociación das funcións, o persoal da biblioteca é moi reducido. O gasto na formación do persoal de alta dirección é moi alto para despois marchar, trataríase de formar ao persoal de dentro que se vai quedar. O ambiente é malo, crispado, pero non da Xunta de Persoal senón de todo o persoal. Hai unha privatización excesiva. Non se forma ao persoal, os cursos de formación só son de calidade. Existe unha gran división no persoal, fomentada pola Xerencia. Pregunta se o profesorado, o alumnado e o PAS teñen notado algunha mellora. Pide un respecto ao persoal da casa. Pide o cese da Xerencia.

Cédese a palabra á xerente que expón o que se recolle no **anexo V**.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O sr. Pajares intervén sinalando que moitos membros deste consello recordan a seu pasado marxista porque lles quedan tics, así á xerente que actúa coma un locutor soviético que vota á cara os increíbles datos favorables que ocultan que en realidade son mediocres para a Universidade de Vigo. Isto non é só responsabilidade do equipo de Xerencia senón do reitor. Relata o paso de varios xerentes ata chegar ao desembarco de todos este equipo tan amplo que denota unha falta de confianza no PAS. Así créase unha administración paralela e que tende a privatizar a universidade. Á Xunta de Persoal foille difícil sortear negociacións e chegar a acordos (tres xerencias en pouco tempo) pese a todo se chegou a acordos importantes grazas a que eles cederon en cuestións importantes, sen embargo, a xerente se negou a chegar a acordos en temas relevantes como a RPT ou a OPE. Queda pouco tempo para a renovación do equipo de goberno e pode ser tarde para que cambie xa o rumbo da Xerencia. O novo goberno debe ter en conta as necesidades do PAS e que as cuestións relativas ao mesmo deben ser obxectivo prioritario. A Xunta de Persoal advirte que no futuro se lles permita participar nunha universidade pública para construír unha sociedade mais xusta.

O Sr. Macías membro da Xunta de Persoal sinala que o persoal ten a idea de que se vende ao exterior pero as miserias internas se gardan baixo a alfombra. A CIG sempre colaborou coas xerencias anteriores pero agora non saben porqué motivos se chega a unha situación na que se ven obrigados a pedir o cese. Sinala que o 90 % do que se plasma no power point presentado pola xerente non son logros da Xerencia senón de épocas anteriores. Así se chegou a acordo sobre RPT, sobre o concurso, e a súa execución foi moi deficiente e, pese a todo se apoiou, aínda que tiña erros. Agora se está a improvisar, efectivamente as portas de Xerencia están abertas, pero de aí a chegar a acordo é diferente. Entenden que están moi abertas para un persoal pero pechadas para outro. Non se buscou apoio nas persoas que coñecen a situación real da universidade. Hai varios temas que deben salientarse, no tema da OPE sempre tentaron chegar a un acordo e non é necesario vincular o acordo sobre este tema con outros temas. Existe un problema coas comisións de servizo en canto había un acordo tácito pero hai moito persoal que está fóra do límite legal pero ningún quere resolver ese tema e non se lles dá información sobre o mesmo. Hai falta de planificación que deriva da propia falta de planificación da RPT. Houbo unha presentación da RPT dos campus que foi rexeitada polo persoal dos campus. Dende esa proposta non houbo outra posterior. Tamén hai problema coas decisións sobre as funcións do persoal. É importante tamén a xestión dos POPs en canto non hai unha decisión clara sobre o mesmo. En canto á Comisión de Emprego, está desvalorizándose nos últimos anos. Hai moitos temas pendentes e os plans operativos de xestión están ben pero non pode ser que os beneficios os leve unha empresa privada (Indra) cando está traballando o persoal da universidade. Confían en que a Xerencia cambie de rumbo.

O Sr. Basalo fala de dúas cousas: primeira, se celebrou un Claustro fai meses no que se pedía intervención da Xerencia e non teñen claro se houbo algún cambio. Vese un cambio de actitude, se presentan plans moi bonitos pero nada máis. Debe escoitar e negociar e se se chega a acordos, ben. Sorprende que non se faga referencia ao persoal e a súa forma de potenciarlo, nin sobre a carreira administrativa. A xerente non presentou nada sobre este último tema cando se comprometeu en acta. Ademais o prevé no Estatuto Básico do Empregado Público e o teñen algunhas administracións. Non presentou plan de carreira administrativa para que o PAS sexa competitivo.

A Sra Romo representate do PAS na Comisión de Formación, denuncia a parálise da mesma que só se reuniu unha vez. É certo que de vez en cando reciben por email a oferta formativa pero non se convocan xuntanzas para negociar a oferta formativa ou fiscalizar o diñeiro que se emprega en formación. Houbo moitas accións formativas pero ten constancia de que están formulados como se se impartiran nunha empresa privada. E pon o exemplo de Xescampus onde o persoal que o impartía non coñecía a normativa da universidade. Solicita que se convoque a Comisión.

A Sra. Expósito fala en representación da Xunta de Persoal e denuncia a implantación de Xescampus. É nefasta. Denuncia a falta de previsión, nula adaptación à normativa da universidade. O problema non é Xescampus senón a forma de implantalo. Dende a universidade non se souberon explicar os propios procedementos da universidade. O interlocutor foi a Xerencia. Adaptouse a normativa ao programa e non ao revés. Se poñen exemplos, así a convocatoria de fin de carreira; planos de adaptación e os correspondentes cadros de adaptación que estaban mal introducidos; a matrícula foi un desastre, porque salvo os de primeiro de grao, para o resto non funcionou; Erasmus, pois a inicio de curso non se

sabía cómo se levaba a cabo a matrícula, a entrega de actas; o tema do idioma, hai faltas de ortografía, temas de xénero; hai materias que non se oferta docencia e que non se chegaron a ofertar nunca e aparecen alumnos matriculados. Reitera que se implantou unha nova aplicación informática sen tela adaptada á normativa e ao inicio da matrícula. Sería máis axeitado implantado para grao e manter Xesta para o as titulacións que se extinguen. Non entende a presa na implantación. Se está dando mala imaxe.

O Sr. Gándara intervéñ para por de manifesto que os problemas que xera Xescampus en relación ás certificacións coa nota media simple para terceiro ciclo e recorda que en investigación tamén hai recursos humanos.

A Sra. Martínez, como representante da Xunta de Persoal, fala da Biblioteca, sinalando que en relación á RPT da mesma hai un compromiso dende fai ano e medio pero non se empezou a negociar. Relata as xuntanzas habidas sobre o tema e a existencia de dúas propostas existentes, ningunha da Xerencia, unha da Xunta de Persoal e outra do director da biblioteca. Dende maio non se sabe nada sobre o tema. Non houbo negociación e seguen esperando. Isto ben despois de dez anos sen aprobarse prazas para a biblioteca cando se produciron moitos cambios. Fai comparación con outras universidades na UDC, hai cincuenta e nove persoas e na Universidade de Vigo trinta e tres. Polo que escoitaron a proposta é de dous mais, aínda que non teñen proposta feita. O persoal da biblioteca aceptou un plan de calidade e hai que ter en conta que a biblioteca vai ser básica tanto para o alumno como para o profesor. O servizo de biblioteca están ben considerado e é pola implicación do propio persoal. Pero hai gran decepción. Esperábase tamén unha promoción interna (pon o exemplo da UDC). Con Manolo Castro houbo acordo e unicamente se pedía un curso de formación, agora se segue esperando pola aprobación do documento pola xerente.

O Sr. Cebro sinala que co panorama que hai na universidade, a CIG soubo estar á altura institucional. Non están aquí por gusto e se senten utilizados. O persoal está frustrado. Reitera o problema coa implantación de Xescampus, o de biblioteca, os problemas de formación e a necesidade de reunir á Comisión de Formación; tamén os problemas coa reestruturación dos campus; coa carreira administrativa. Esperan que pase o tempo. Entende que as persoas que están aquí nas vicexerencias non teñen coñecemento de cómo é a xestión na universidade.

A Prof^a Suárez comenta que lle gustaría participar na parte da negociación, sinala que ten a fortuna de ter no seu centro un persoal bo e tamén nos servizos centrais, pero pide que se lle convoque porque ten coñecemento de cómo é a xestión dun centro. Quere que nas reunións estea a xerencia, o PAS e tamén eles.

O Sr. Mato entende que existe una fractura na negociación e explica que votou no punto anterior a proposta nº 1, como un xesto. Agora sinala que como outro xesto solicita que tenten un achegamento.

A xerente manifesta a súa vontade de seguir traballando, negociando. Ata fai pouco tempo as relacións eran normais e agora se quebraron. En relación á improvisación, xustamente o que se pretendeu foi o contrario. Se deu participación a todos para facer un plan operativo de xestión, presentouse en todos o órganos, non houbo alegacións senón que ao contrario, se dixo que era un proxecto ambicioso e positivo e que se traballaría nesa liña. Se

crearon grupos de traballo con participación de todos, pese a que houbo comunicados da Xunta de Persoal de non colaborar. Por primeira vez se reuniu a todos os responsables da universidade para permitir chegar a acordos. Non existe administración paralela, senón ao contrario. Se conta coa xente e se valora a todo o persoal que ten unha importante achega que facer. É agradece o esforzo feito a todos. A situación cando chegou aquí era complicada: a RPT estaba recorrida, o Convenio Colectivo estaba en parte sen executar, pero se foi avanzando. Faise referencia a cuestión concretas coma a RPT da biblioteca que non está pechada a negociación e ofrece que mañá mesmo se poñan a traballar sobre o tema. Na RPT dos campus: houbo un grupo de traballo dos campus que estudou o tema e haberá que dimensionar o conxunto de necesidades. A carreira profesional aparece no plan operativo de xestión como de carácter básico. Todos os temas dos que se falou é necesario seguir traballando e chegar a acordos e reitera da súa vontade de seguir facéndoo. Quere felicitar expresamente ao persoal informático e ás secretarías polo traballo realizado coa implantación de xescampus.

O reitor sinala que a universidade ten estruturas burocráticas moi rancias e non existe liderado para modernizar nin tampouco responsabilidades. Hai unha reforma aprazada na administración pública, por iso no seu programa aparecía este punto porque se trata de garantir os dereitos públicos. Por iso pediu á Xerencia que fixera un plan ambicioso e atrevido. Nunca houbo un proxecto así nin con tantos resultados. Leva catro xerencias, todos sabían que o Xesta era un desastre, todos sabía que había que sacar unha OPE e sabía que o IVE non estaba ben, pero ningún o fixo porque meterse nisto xera moitos problemas e provoca tensións. Estes son os resultados. Pon o exemplo do IVE.

Con todos estes defectos e inconvenientes, debe tomarse nota de todo, pero se está asistindo ao proceso de transformación. Sería máis sinxelo con todos de acordo. Gustaríalle que os erros foran menos, pero debe pensarse no global. Considera que non é pacificador que se saque hoxe na primeira páxina do periódico do Faro de Vigo o custe da Xerencia, cando, se o xerente anterior houbera actualizado o seu soldo cobraría máis e o de Santiago, tamén. É o soldo normal dun xerente. Falamos da correspondencia entre capacidade e funcións atribuídas.

Punto 10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a preparación das propostas de novos plans de estudos no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais – Convenio entre a Universidade de Vigo e a Fundación UVIGO para a xestión do Centro de Linguas da Universidade de Vigo – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas de Xestión Universitaria de Galicia (CIXUG) – Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e AUTOMATISMOS TEINCO S.L.

O Prof. Muñoz pregunta se o convenio firmado coas Consellería para a preparación das propostas de novos plans de estudos no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais dará lugar a unha convocatoria específica de axudas aos centros. A

vice-reitora de titulacións e converxencia europea resposta que non pois as actividades recollidas no convenio estanse a executar de xeito centralizado.

O Sr. Alonso Bacigalupe pregunta sobre o convenio co Centro de Linguas e quere ter un pouco máis información ao respecto.

O vicerreitor de Planificación sinala que a Fundación UVigo ten certa capacidade na xestión das denominadas aulas/empresas, e neste caso dará acollida á xestión da actividade académica e do persoal do Centro de Linguas a través do convenio entre a Fundación e a Universidade.

O vicerreitor de Relacións Institucionais explica o sentido do convenio e sinala que se remitirán os estatutos da fundación ao Prof. Alonso Bacigalupe.

Punto 11. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non hai candidatos presentados.

Punto 12. Rogos e preguntas.

Iago Varela sinala que na matrícula por internet, cárgase unha cantidade de 4,75 euros en concepto de mantemento e expedición de títulos. Pregunta por qué se ten a denominación de E.T.S. de Enxeñeiros, que é linguaxe sexista.

Fala despois do folleto que se entregou aos alumnos de primeiro, no se fai referencia a criterios de calidade dos planos de estudo cando na realidade, pese a pasar por un filtro pola ANECA non parece que garantan á mesma. Os cambios non supoñen mellora fronte aos plans antigos. Ademais son máis caros (o CAP pasa case ao dobre). As bolsas se reducen e se cambian polos préstamos de estudos. Non entende como é posible que se teña probado isto polo estudante do Consello Social.

O Sr. Fariñas resposta que o folleto é para os de primeiro curso xunto cunha tarxeta e sinala que non houbo queixas senón ao contrario, se quería que se entregaran a todos os alumnos da universidade. Considera que a información que consta no folleto ten opinións a favor e en contra, é opinable. Engade que esta iniciativa é máis do que fixeron os seus representantes de alumnos do grupo do Sr. Varela en Consello Social.

A xerente, en relación á cantidade que se carga aos alumnos sinala que é unha cantidade de obrigado cumprimento. Para a próxima matrícula se intentará a súa eliminación.

Debátese sobre a denominación das Escolas de Enxeñaría e se pon de manifesto que se modificarán as mesmas para evitar un linguaxe sexista.

O Sr. Mollinedo pregunta sobre as súas respostas ás cuestións formuladas no anterior Consello de Goberno.

Intervén o Vicerreitor de Planificación para sinalar que, en relación á necesidade dos alumnos de abrir unha conta no Banco de Santander, non se trata dunha obriga en canto no impreso de solicitude aparece como opcional. En canto á posibilidade de cancelación da conta, unha vez entregada a tarxeta e á falta de recepción doutra nova, sinala que estudará o caso concreto. No que respecta ao NIU, sinala o vicerreitor que é da propia tarxeta e os catro últimos números do DNI é o PIN-contrasinal. Por último, sobre o que aporta o Banco de Santander á Universidade, expón que no convenio firmado coa entidade bancaria para o ano 2009, o mesmo supón apoio económico ao Plan SUMA, Campus Verde, programa Tempos e accesos con tarxeta. Pola súa parte, a entidade bancaria ocupa determinados espazos, no campus de Vigo en Cidade Universitaria, no de Ourense nun edificio anexo e no campus de Pontevedra na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Para este último caso terase en conta no partida de "espazos para usos centrais en centros docentes".

O Sr. Mollinedo replica que se queda como está ante o cobro aleatorio a unha alumna polo Banco de Santander.

O vicerreitor de Planificación solicita ao Sr. Mollinedo que lle remita os datos do caso concreto e así poderá facer as investigacións correspondentes.

A xerente, en relación á casa ocupada polo conserxe xubilado, sinala que houbo que reclamarlle por escrito para que fora desaloxada a vivenda e a administradora de centro será a que faga as propostas sobre a súa utilización pero aínda non está claro a que se vai dedicar.

O vicerreitor de Ourense en relación á pregunta sobre a mellora das aulas de informática da residencia As Burgas, sinala que o 21 de outubro deste ano o responsable da residencia remitiulle un escrito no que aludía ás melloras na aula de informática, entre outras, a adquisición de catro portátiles e a instalación de WIFI para dar conexión ás zonas comúns da residencia.

Debátese sobre o tema coa Sra. Riobóo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:55 horas do día 29 de outubro de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a. González Pillado